XUNTA DE GALICIA

RECIBO DE PRESENTACIÓN EN EL REGISTRO ELECTRÓNICO DE LA XUNTA DE GALICIA

La solicitud, escrito o comunicación para Solicitud electrónica genérica presentada por JOSEFA IGLESIAS DE LA CAMPA con NIF [redacted] tuvo entrada en el Registro Electrónico de la Xunta de Galicia con los siguientes datos:

NÚMERO DE ENTRADA	FECHA Y HORA DE LA PRESENTACIÓN	DESTINO
2026/3033183	**21-10-2026 13:29**	**DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA**

La siguiente tabla incluye un resumen electrónico de la solicitud, escrito o comunicación presentada y, en su caso, un índice y un resumen electrónico de la documentación que se declara presentar:

Documento presentado	Nombre del archivo	Resumen electrónico del archivo (Algoritmo SHA-256)
Solicitud	Solicitud-PR004A-20261021.pdf	C7786521E3ECFA3F864F979875EBF80E7378F7E8D5514B0E9202D89020A5ECA0
Realización de Simulacros	SOLICITUDE DE CRONOGRAMA SIMULACROS.pdf	E953516B8FCAA8BE8E421895621D43E90553E493B2C142F24EE73A96C99DF130

Firmado por REGISTRO ELECTRÓNICO DE LA XUNTA DE GALICIA
Fecha y hora: 21-10-2026 13:29
CVE: [redacted]
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Confederación Intersindical Galega

DIRECCIÓN XERAL XUSTIZA
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar – Pol.Fontiñas
15781 Santiago de Compostela

Servizo Prevención de Riscos Laboráis

DENUNCIA POLA FALTA DE SIMULACROS PERIÓDICOS DE EMERXENCIA E EVACUACIÓN NOS EDIFICIOS XUDICIAIS DE GALICIA

Este sindicato presenta denuncia pola falta de realización regular de simulacros de emerxencia e evacuación nos edificios xudiciais de Galicia, así como pola ausencia de información suficiente e de planificación coñecida sobre a súa programación nas distintas sedes xudiciais.

A realización periódica de simulacros constitúe unha medida esencial para garantir a seguridade e a saúde do persoal ao servizo da Administración de Xustiza, así como das persoas usuarias que acoden diariamente ás instalacións xudiciais. Estes exercicios permiten comprobar a eficacia dos plans de emerxencia e evacuación, identificar posibles deficiencias, verificar a operatividade das vías de evacuación e asegurar que o persoal coñece os protocolos que debe seguir ante unha situación de risco.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Primeiro. Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

O artigo 14 recoñece o dereito das persoas traballadoras a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.

O artigo 16 establece a obriga de avaliar os riscos laborais e planificar a actividade preventiva, mentres que os artigos 18 e 19 regulan as obrigas de información e formación das persoas traballadoras.

En particular, o artigo 20, relativo ás medidas de emerxencia, establece a obriga de analizar as posibles situacións de emerxencia, adoptar as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación, e comprobar periodicamente, cando proceda, o correcto funcionamento das medidas adoptadas.



Firmado digitalmente por JOSEFA IGLESIAS DE LA CAMPA - [redacted]
Fecha: 2026.10.21 13:24:47 +02'00'

En consecuencia, a Administración debe garantir que os procedementos de emerxencia e evacuación sexan adecuados ás características dos centros de traballo e que se comprobe a súa eficacia práctica.

Segundo. Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil.

O artigo 7 ter regula as obrigas de autoprotección das persoas titulares dos centros, establecementos e dependencias, públicos ou privados, que poidan xerar riscos de emerxencia, nos termos establecidos pola normativa aplicable.

Pola súa banda, o artigo 15.4 establece que os plans de autoprotección teñen por obxecto previr e controlar os riscos de emerxencia e dar unha resposta adecuada ás situacións que poidan producirse.

Terceiro. Real decreto 524/2023, do 20 de xuño, polo que se aproba a Norma Básica de Protección Civil.

Esta disposición establece o marco xeral da planificación de protección civil e serve de fundamento para as directrices básicas que regulan a elaboración, implantación e mantemento dos plans de autoprotección.

Cuarto. Orde INT/1068/2026, do 7 de outubro, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 6 de outubro de 2026, polo que se aproba a Directriz Básica de Planificación de Protección Civil de Autoprotección.

Esta disposición, publicada no Boletín Oficial do Estado o 10 de outubro de 2026 e con efectos desde o día seguinte, establece os criterios mínimos para a elaboración, implantación e mantemento da eficacia dos plans de autoprotección incluídos no seu ámbito de aplicación.

O apartado 1.4 regula o ámbito de aplicación da Directriz e establece que as súas disposicións se aplican como norma mínima ás actividades comprendidas no seu anexo I, sen prexuízo da normativa sectorial específica que poida resultar aplicable.

A propia Directriz establece que os órganos xudiciais están exentos do control administrativo e do rexistro, sen prexuízo da elaboración do correspondente plan de autoprotección conforme ao establecido nela.

Así mesmo, o apartado 2.5.1 contempla a implantación dos plans, incluíndo os programas de formación, exercicios e simulacros, mentres que o apartado 2.5.2, relativo ao mantemento da súa eficacia, establece que se realizarán simulacros coa periodicidade mínima fixada no propio plan e, en todo caso, polo menos unha vez ao ano, avaliando os resultados obtidos.

A realización destes exercicios ten como finalidade comprobar a eficacia da organización de resposta ante unha emerxencia, a capacitación do persoal, a suficiencia dos medios dispoñibles e a adecuación dos procedementos de actuación.

Confederación Intersindical Galega CIG XUSTIZA

Firmado digitalmente por JOSEFA IGLESIAS DE LA CAMPA - [redacted]
Fecha: 2026.10.21 13:25:14 +02'00'

A Directriz tamén establece a necesidade de conservar información sobre as actividades de mantemento da eficacia dos plans e os correspondentes informes de avaliación.

Polo tanto, **nas sedes xudiciais ás que resulte aplicable esta Directriz, a periodicidade mínima dos simulacros será anual, ou a superior que estableza o plan correspondente**. Esta esixencia debe interpretarse conxuntamente coas obrigas de prevención de riscos laborais e coa normativa sectorial que resulte aplicable a cada edificio.

Quinto. Decreto 172/2022, do 6 de outubro, polo que se aproba o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que se fixa o contido desas medidas.

A normativa autonómica galega de autoprotección deberá terse en conta na medida en que resulte aplicable a cada instalación, xunto coas modificacións normativas posteriores e coa normativa estatal.

Por iso, solicítase que a Administración identifique expresamente o réxime xurídico aplicable a cada sede xudicial e determine as obrigas concretas relativas á elaboración dos plans, á realización de simulacros e á conservación dos informes correspondentes.

ANTECEDENTES E SITUACIÓN COÑECIDA

Porén, a situación existente en distintas sedes xudiciais galegas evidencia unha falta de regularidade e de información sobre a realización destes exercicios, circunstancia especialmente preocupante nun ámbito no que traballan numerosas persoas e no que existe unha importante afluencia diaria de cidadáns e profesionais.

Como exemplo desta situación, cómpre sinalar os seguintes antecedentes dos que ten coñecemento este sindicato:

- **Pontevedra:** non dispoñemos de información confirmada nin dunha data coñecida que permita determinar se se realizou o correspondente simulacro de evacuación. Esta situación xa foi denunciada por este sindicato o 15 de marzo de 2024.
- **Vigo:** na Cidade da Xustiza realizouse un exercicio de evacuación o 24 de outubro de 2024.
- **A Coruña:** o último simulacro do que temos constancia realizouse en outubro de 2018.
- **Lugo:** o último simulacro do que temos constancia realizouse o 20 de xaneiro de 2017.
- **Ourense:** o último simulacro do que temos constancia realizouse o 10 de outubro de 2025.

Estes antecedentes poñen de manifesto a necesidade de dispoñer dunha planificación coordinada, actualizada e verificable que permita comprobar a realización das actuacións preventivas necesarias en todas as sedes xudiciais,

evitando que existan edificios nos que transcorran anos sen que se teña constancia da realización dun simulacro ou nos que nin sequera se coñeza a súa programación.

Cómpre salientar que a falta de información sobre a realización dun simulacro non permite afirmar por si soa que este non se efectuase. Porén, a ausencia de comunicación, rexistro e planificación coñecida impide comprobar o cumprimento efectivo das medidas preventivas e avaliar o grao de preparación ante unha eventual emerxencia.

A prevención non pode quedar reducida á existencia formal de protocolos ou plans de autoprotección, senón que debe incluír a súa aplicación práctica, a comprobación periódica da súa eficacia e a información e formación necesarias para que o persoal poida actuar con seguridade.

POR TODO O EXPOSTO, ESTE SINDICATO SOLICITA:

PRIMEIRO. Que se revise a situación actual dos simulacros de emerxencia e evacuación en todos os edificios xudiciais de Galicia, incluíndo as cidades, as vilas e os xulgados de paz, e que se facilite información sobre a data de realización do último exercicio en cada sede.

SEGUNDO. Que se elabore e aprobe un cronograma anual, programado e coordinado de simulacros de emerxencia e evacuación para o conxunto das instalacións xudiciais galegas, establecendo datas ou períodos previstos de realización e garantindo unha periodicidade adecuada en función da avaliación dos riscos, das características de cada edificio, dos plans aplicables e da normativa vixente.

TERCEIRO. Que esta planificación inclúa expresamente todas as sedes xudiciais, tanto as situadas nas principais cidades galegas como as correspondentes ás vilas e aos xulgados de paz, evitando desigualdades na aplicación das medidas preventivas e garantindo que ningunha instalación quede á marxe da planificación que lle corresponda.

CUARTO. Que se estableza un sistema de rexistro e seguimento dos simulacros realizados, no que consten, cando menos, a data, o edificio afectado, o tipo de exercicio, as incidencias detectadas, os resultados da avaliación e as medidas correctoras propostas ou adoptadas.

QUINTO. Que se informe os órganos de representación do persoal e os delegados e delegadas de prevención sobre a planificación prevista, a súa execución e os resultados dos exercicios, facilitando a participación e o seguimento das actuacións preventivas nos termos establecidos pola normativa vixente.

SEXTO. Que se revisen os plans de emerxencia e evacuación dos edificios xudiciais e se comprobe que o persoal coñece os procedementos de actuación, as vías de evacuación, os puntos de encontro e as funcións asignadas en caso de emerxencia, garantindo a formación e información necesarias.

Firmado digitalmente por
JOSEFA IGLESIAS DE LA CAMPA -
[redacted]
Fecha: 2026.10.21 13:25:37
+02'00'

SÉTIMO. Que se dea resposta expresa á denuncia presentada por este sindicato o 15 de marzo de 2024 en relación coa situación dos simulacros de evacuación nos edificios xudiciais, indicando as actuacións realizadas e as medidas adoptadas ou previstas.

OITAVO. Que se adopten as medidas necesarias para garantir o cumprimento efectivo da normativa de prevención de riscos laborais e autoprotección, de maneira que os simulacros formen parte dunha planificación preventiva estable, periódica e extensiva a todas as sedes xudiciais de Galicia, incluíndo os xulgados das vilas e os xulgados de paz, coa periodicidade legalmente esixible en cada caso.

Por todo o anterior, este sindicato considera imprescindible que a Administración adopte as medidas necesarias con carácter prioritario, tendo en conta que a prevención e a preparación ante unha emerxencia son elementos fundamentais para protexer a integridade física e a saúde do persoal da Administración de Xustiza e de todas as persoas que acceden ás instalacións xudiciais.

En consecuencia, **solicitamos que se nos dea traslado dun cronograma de simulacros previsto e das medidas que se van adoptar para garantir a súa realización, avaliación e seguimento en todas as sedes xudiciais galegas**, así como da información actualizada sobre os últimos exercicios realizados e os plans de emerxencia e autoprotección aplicables.

Firmado digitalmente por JOSEFA IGLESIAS DE LA CAMPA - [redacted]
Fecha: 2026.10.21 13:25:58 +02'00'